

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Prácticas de escenificación
DISCIPLINA	Composición escénica I
TITULACIÓN	Arte dramática
ESPECIALIDADE	Dirección Escénica e Dramaturxia
ITINERARIO	
CURSO	1º
CRÉDITOS ECTS	3
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Dirección escénica e dramaturxia.
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	
DOCENTES	Nome e apelidos: Daniel González Salgado Horario de titorías: www.esadgalicia.com/glg/profesorado.php?id=2&tit=Titor%EDas Despacho: Departamento de Dirección escénica e dramaturxia Contacto: danisalgado@edu.xunta.es
DESCRIBIÓN	Estudo e práctica dos principios compositivos aplicados aos elementos de significación da posta en escena: harmonía, contraste, conflito, equilibrio, desequilibrio.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Non se requiren
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T6	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento das ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para automotivarse e organizarse nos procesos creativos.
X2	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión construtiva ao traballo de si mesmo e dos demais, desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE	
ED1	Concibir propostas escénicas que fundamentan o espectáculo, xerando e analizando conceptos, textos e imaxes e valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.
ED2	Proxectar a composición do espectáculo, utilizando todos os coñecementos estéticos e técnicos necesarios sobre as diferentes linguaxes e códigos que participan na representación.
ED3	Planificar e conducir o proceso xeral de creación do espectáculo, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Adquirir os coñecementos e as habilidades necesarias para poder realizar composicións escénicas aplicando os principios de harmonía, contraste e desenvolvemento dramático.	T1, T3, T6, T7 X1, X2, X3 ED1, ED2, ED3
2. Consolidar mecanismos elementais de comunicación eficaz en lingua galega durante a realización de traballos de creación escénica.	T7 X1 ED3
3. Desenvolver a autoconsciencia respecto ao traballo persoal no seo de equipos artísticos.	T8 X1, X2, X3

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Dirixir(se)	1.1 A presenza na dirección 1.2 Descubrimentos na escoita dun/ha mesmo/a 1.3 Resistencias e aptitudes	6
2. O traballo en equipo na arte escénica	2.1 O traballo en equipo. 2.2 Particularidades dos equipos de traballo escénico 2.3 Liderado. 2.4 A comunicación en lingua galega na práctica escénica.	6

E

3. Principios xerais de composición	3.1 Harmonía 3.2 Contraste 3.3 Desenvolvemento	6
4. Harmonía escénica	4.1 Unidade 4.2 Vínculos 4.3 Centros de interese 4.4 Transicións	6
5. Contraste escénico	5.1 Deseño de personaxes 5.2 Interacción 5.3 Movemento 5.4 Son 5.5 Espazo e tempo 5.6 Luz	6
6. Desenvolvemento dramático na escena	6.1 Situación 6.2 Desencadeante 6.3 Protagonismo e obxectivo 6.4 Antagonismo e obstáculos 6.5 Puntos de xiro e clímax 6.6 Resolución	6
7. A acción escénica	7.1 Unidades de acción 7.2 A partitura actoral: composición e segmentación 7.3 Interacción 7.4 Dinamismo	6
TOTAL SESIÓNS		42

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	3		3
Exposición práctico-teórica	6	8	14
Práctica individual	6	3	9
Práctica colectiva	30	14	44
Actividades complementarias			
Titorías individuais	1	5	6
Titorías de grupo	4	5	9
Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	5		5
Actividades de avaliación. Revisión			
	55	35	90

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE	
Actividades	Descrición
Actividades introdutorias	Sondaxe dos coñecementos e habilidades do alumnado
Exposición práctico-teórica	Explicación dos contidos da materia e aplicación dos mesmos en casos prácticos.
Práctica individual	Preparación en solitario de exercicios de composición.
Práctica colectiva	Realización, dentro dun equipo de traballo, de exercicios preparatorios e de composicións escénicas e audiovisuais.
Titorías presenciais	Análise individual do proceso de aprendizaxe do alumnado.
Titorías non presenciais	Supervisión individual e grupal dos traballos de planificación e ensaio das composicións.

7. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
7.1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Composición 1: O desenvolvemento dramático	T1, T3, T7, T10, X5, ED1, ED2, ED3	30 %
Composición 2: Harmonía e contraste	T1, T3, T7, T10, X5, ED1, ED2, ED3	30%
Comunicación en lingua galega	T7, X1, X4	20 %
Memoria de autoobservación diaria do/a alumno/a	X1, X2, X6	20 %
7.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Composición 1: O desenvolvemento dramático	T1, T3, T7, T10, X5, ED1, ED2, ED3	30 %
Composición 2: Harmonía e contraste	T1, T3, T7, T10, X5, ED1, ED2, ED3	30%
Comunicación en lingua galega	T7, X1, X4	20 %

Memoria de autoobservación diaria do/a alumno/a durante un proceso de formación teatral real e documentado	X1, X2, X6	20 %
7.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Composición 1: O desenvolvemento dramático	T1, T3, T7, T10, X5, ED1, ED2, ED3	30 %
Composición 2: Harmonía e contraste	T1, T3, T7, T10, X5, ED1, ED2, ED3	30%
Comunicación en lingua galega	T7, X1, X4	20 %
Memoria de autoobservación diaria do/a alumno/a durante un proceso de formación teatral real e documentado	X1, X2, X6	20 %

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

BOGART, Anne (2006): *Introdución á dirección de escena*, Vigo, Galaxia.
 LAVANDIER, Yves (2003): *La dramaturgia. Los mecanismos del relato: cine, teatro, ópera, radio, televisión, comic*, Madrid, Ediciones Internacionales Universales.
 MAMET, David (1997): *Dirigir cine*, México DF, Ediciones El Milagro.
 MARTÍNEZ PARAMIO, Agapito (2006): *Cuaderno de dirección teatral*, Ciudad Real, Ñaque Editora.
 McKEE, Robert (2007): *El guión. Sustancia, estructura, estilo y principios de la escritura de guiones*, Barcelona, Alba Editorial.
 MELENDRES, Jaume (2000): *La dirección de los actores. Diccionario mínimo*, Madrid, Publicaciones de la ADE/Institut del Teatre de la Diputació de Barcelona.

9. OBSERVACIÓNS

A falta de asistencia a clase de máis do 10% do horario lectivo desta materia suporá a perda da avaliación continua. Todo atraso na hora de entrada na aula será contabilizado tamén como falta de asistencia.

Xa que a lingua na que se desenvolverán as actividades da materia será a lingua galega, o alumnado con dificultades na mesma deberá recorrer ás titorías para que o docente lle indique as pautas a seguir de cara ao axeitado aproveitamento do curso.

Para a asistencia a titorías débese falar previamente co docente co fin de pactar o día e a hora do encontro. Tamén se pode concertar a titoría enviando unha petición ao profesor por correo electrónico. Será respondida tamén por correo electrónico, indicándose o día e a hora da titoría.

Esta materia implica unha **mostra final da Composición 2**, mostra que será realizada no calendario de mostras do primeiro cuadrimestre establecido polo centro.

Para a superación da materia será imprescindible ter **aprobado todas e cada unha das ferramentas de avaliación.**

O alumnado que se presente aos **exames das convocatorias ordinaria ou extraordinaria** deberá **contactar previamente co docente** da materia, co fin de poder organizar a sesión debidamente. Para se presentar á avaliación ordinaria ou extraordinaria, o alumnado terá que asistir á proba cos intérpretes que o docente determine, en función das probas a realizar.